

Maus



Creamos un
cómico

Iniciándonos na lectura desta novela gráfica, último premio Pulitzer nesa área, o alumnado terá que investigar o momento histórico e político do que se fala nela e as repercusións que tiveron lugar.

Proporase a creación de diferentes cómics que expliquen situacións actuais similares. Tamén terán lugar presentacións e debates sobre a condición humana e a loita de poder no mundo.

Propoñemos a utilización de Padlet para que fagan unha práctica de curación de contidos, necesitarán rexistro.

Crearán un cómic para o cal se expoñen varias opcións en servizos web e software de instalación. Deixamos videotutoriais de exemplo

Finalmente achegaranse á gamificación a través da creación de mensaxes encriptados que pasarán a través do foro. Este foro xa está creado na aula, so queda configuralo según as necesidades do grupo. A través de Canva, servizo web con rexistro tratarán imaxes para crear insignias que se compartirán tamén a través a aula virtual, neste caso é o profesor/a quen decide se os alumnos terán permiso para isto ou será el mesmo que as comparta.



Proposta de estándares a traballar

INEINB2.9.1. Emprega Galipedia, etc. as creacións colectivas en internet: Wikipedia,

INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.

INEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.

INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.

INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.

INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información

INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.

INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontínuos, e sabe extraer as ideas principais.

INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.

INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).

INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.

INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.

INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.

INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.

INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.

INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.

INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.

INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.

INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.

INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.

INEINB5.9.3. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.

INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.



O traballo destes estándares dependerá do enfoque final que cada docente elixa polo que poden variar. Esta non deixa de ser unha proposta que pode ser adaptada ás necesidades particulares de cada aula, alumnado ou centro.

